



## CONCELLO DO CORGO

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS, DA TAXA DE LICENZA URBANÍSTICA E ACTIVIDADE DE COMPROBACIÓN DERIVADA DA DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA.

### **“ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS, DA TAXA DE LICENZA URBANÍSTICA E ACTIVIDADE DE COMPROBACIÓN DERIVADA DA DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA**

1.- O imposto sobre Instalacións, Construcións e Obras esixirase de conformidade co establecido nos Art. 100 e subseguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se regula o Texto refundido da Lei de Facendas Locais, modificada polo Real Decreto-Ley 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos («B.O.E.» 26 maio).

2.- A base imponible do imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

A base imponible determinarase:

- a) En función do presuposto presentado polos interesados, sempre que fose visado polo colexio oficial correspondente cando iso constituía un requisito preceptivo.

No suposto de que os prezos unitarios de obra do orzamento presentado, aínda que fose visado, sexa inferior aos índices ou módulos establecidos na letra b) deste artigo, teranse en conta estos. En caso contrario, aplicaranse os do proxecto naquelas unidades de obra cuio prezo de execución material sexa superior aos dos índices ou módulos do apartado b).



## CONCELLO DO CORGO

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS, DA TAXA DE LICENZA URBANÍSTICA E ACTIVIDADE DE COMPROBACIÓN DERIVADA DA DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA.

**b)** En función dos índices ou módulos que se expresan a continuación, cando non se aporte o orzamento aludido no apartado da letra a):

### A. SOBRE A SUPERFICIE COMPUTABLE (módulos)

1.	m <sup>2</sup> construción dun galpón ou alpendre	173,89 €
2.	m <sup>2</sup> obras de reforma en:	
	a. Vivendas	294,45 €
	b. Oficinas	291,20 €
	c. Locais comerciais	339,58 €
	d. Locais de hostalería	498,64 €

### B. SOBRE UNIDADES DE OBRA (prezos unitarios)

1.	m <sup>2</sup> nivelación terreos .....	2,21 €
2.	m <sup>3</sup> escavación de terras .....	4,91 €
3.	m <sup>3</sup> recheo e compactado de terras.....	3,80 €
4.	m. apertura de gavias.....	35,63 €
5.	m. encanamento de saneamento enterrado.....	48,38 €
6.	U. acometida domiciliaria de saneamento.....	256,83€
7.	U. acometida domiciliaria de auga .....	327,93 €
8.	U. pozo de auga.....	2.263,83€
9.	m <sup>3</sup> depósito de auga.....	168,96 €
10.	U. instalación de fosa séptica.....	1.492,81€
11.	m <sup>2</sup> demolición de tabique ou apertura de ocos .....	6,17 €
12.	m <sup>2</sup> demolición de cubertas .....	4,75€
13.	m <sup>2</sup> demolición de falsos teitos .....	2,45€
14.	m <sup>2</sup> picado de masas e azulexados .....	5,50€
15.	m <sup>2</sup> picado e levantado de pavimentos .....	7,05€
16.	m <sup>2</sup> tabique de ladrillo .....	14,10€
17.	m <sup>2</sup> tabique pladur .....	26,75€
18.	m <sup>2</sup> enfusado mestreado e alisado .....	11,28€
19.	m <sup>2</sup> falso teito de escaiola .....	16,82€
20.	m <sup>2</sup> pavimento de cemento ou terrazo .....	21,49€
21.	m <sup>2</sup> pavimento de gres, PVC ou moqueta.....	32,46€
22.	m <sup>2</sup> chan de madeira .....	44,42€
23.	m <sup>2</sup> pavimento de pedra ou mármore .....	79,97€
24.	m. chanzo (peldaño) .....	20,74€



## CONCELLO DO CORGO

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS, DA TAXA DE LICENZA URBANÍSTICA E ACTIVIDADE DE COMPROBACIÓN DERIVADA DA DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA.

25. m <sup>2</sup> azulexado.....	33,01€
26. m <sup>2</sup> chapeado de pedra ou mármore.....	85,71€
27. m <sup>2</sup> pintura plástica interiores .....	5,35€
28. m <sup>2</sup> panelado de madeira.....	30,67€
29. U. porta blindada de madeira .....	896,51€
30. m <sup>2</sup> substitución carpintería de madeira.....	164,37€
31. m <sup>2</sup> substitución carpintería de aluminio .....	208,74€
32. m <sup>2</sup> substitución carpintería PVC... ..	216,22€
33. m <sup>2</sup> substitución de carpintería metálica .....	89,06 €
34. m <sup>2</sup> peche metálico de seguridade (reixas).....	123,75 €
35. m <sup>2</sup> acristalamento con vidro normal.....	42,63 €
36. m <sup>2</sup> acristalamento con vidro “climalit”.....	96,19 €
37. m <sup>2</sup> acristalamento con vidro de seguridade .....	151,73 €
38. m <sup>2</sup> limpeza de fachadas... ..	7,28 €
39. m <sup>2</sup> limpeza e rexuntado fachadas granito .....	7,28 €
40. m <sup>2</sup> pintura exteriores.....	7,95 €
41. m <sup>2</sup> revestimento monocapa para exteriores.....	14,70 €
42. m <sup>2</sup> substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa.....	50,58 €
43. m <sup>2</sup> substitución de acabado de cuberta lixeira tipo fibrocemento.....	24,28 €
44. m <sup>2</sup> impermeabilización de terraza .....	18,36 €
45. m. canlón.....	14,29 €
46. m. baixante.....	17,38 €
47. U. rede interior de auga fría e quente.....	627,48 €
48. U. instalación completa de calefacción en vivenda .....	4.308,69 €
49. U. instalación da rede eléctrica en vivenda .....	2.217,08 €
50. Instalación de ascensor en edificio de planta baixa e tres plantas altas.....	11.875,95€
51. Incremento por planta de instalación de ascensor.....	1.583,45 €
52. U. lavabo .....	175,68 €
53. U. bañeira.....	192,41 €
54. U. bidé.....	150,59 €
55. U. inodoro .....	167,32 €
56. m <sup>2</sup> toldo .....	94,30 €
57. m <sup>2</sup> marquesiña .....	283,20 €
58. m <sup>2</sup> rótulo opaco .....	416,65 €
59. m <sup>2</sup> rótulo luminoso.....	576,85 €
60. m <sup>2</sup> carteleira publicitaria, valos, lonas e monopostes anunciadores (Véxanse os requisitos e condicións esixibles neste caso).....	43,07€
61. U. instalación grúa.....	1.560,35 €
62. m. peche de postes con aramado .....	13,46 €
63. m <sup>2</sup> peche de tea metálica con postes... ..	14,37 €



## CONCELLO DO CORGO

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS, DA TAXA DE LICENZA URBANÍSTICA E ACTIVIDADE DE COMPROBACIÓN DERIVADA DA DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA.

64. m <sup>2</sup> cerrume con bloque de hormigón .....	28,11 €
65. m <sup>2</sup> cerrume con bloque acabado especial .....	48,34 €
66. m. cerrado de chantos... ..	32,77 €
67. m. cerrume con bloque e tea metálica.....	43,39 €
68. m <sup>3</sup> cerrume con cachotería, pedra ou lousa .....	380,67 €
69. m <sup>2</sup> peche metálico .....	71,92 €
70. m <sup>2</sup> peche fundición .....	114,61 €
71. m <sup>2</sup> porta entrada a parcela	
-Metálica .....	112,93€
-Fundición .....	259,36 €
72. U. entrada a parcela, incluída canalización .....	484,38 €
73. m <sup>2</sup> reposición de beirarrúas.....	48,45 €
74. m. execución gavía... ..	63,58 €

No suposto de que o cálculo do custo de execución material, resulte un importe superior que o realizado polo apartado A), terase en conta como base imponible o cálculo resultante do establecido no apartado B).

Os requisitos e condicións esixibles ás carteleiras publicitarias, serán os seguintes:

- 1.- A instalación de valos, lonas e monopostes contará coa debida autorización municipal.
- 2.- Existirá sempre unha identificación visible da empresa propietaria.
- 3.- As instalacións contarán cun seguro de responsabilidade civil.
- 4.- Estarán sempre en bo estado de conservación, mantemento e limpeza.
- 5.- Os valos terán un marco dunha anchura de 25 cm, pintado de cor.
- 6.- Os valos serán sobre soportes introducidos nunha base de formigón a unha profundidade mínima de 0,75 metros.
- 7.- O soporte das lonas estará debidamente afirmado na parede e as cordas de suxeición contarán coa resistencia adecuada.
- 8.- Os monopostes contarán con proxecto e dirección de obra e a súa colocación farase a unha distancia de edificios e da vía pública dun mínimo que será o resultante da altura total do monoposte máis 5 metros.



## CONCELLO DO CORGO

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUÇÕES, INSTALACIÓNS E OBRAS, DA TAXA DE LICENZA URBANÍSTICA E ACTIVIDADE DE COMPROBACIÓN DERIVADA DA DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA.

**3.-**A cuota tributaria deste imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

**4.-** O tipo de gravame fíxase no 2%.

**5.-**O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivese a correspondente licenza ou autorización.

**6.<sup>1</sup>-**

**a)** Establecese unha bonificación potestativa de ata o 95 % para as construcións, instalación ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego, regulado artigo 103.2 letra a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobó o Texto Refundido de Lei reguladora das Facendas Locais.

Este medida será de aplicación únicamente aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueloutros que consisten nunha ampliación das instalación onde se vai a desenvolver a actividade, sempre que conleve a creación de emprego estable.

**b)** O suxeito pasivo ou, no seu caso, o substituto do contribuínte deberá solicitar a declaración de que as construcións, instalación ou obras ou as súas ampliacións, son de especial interese ou utilidade municipal.

**c)** A bonificación requerirá o acordo adoptado polo Pleno do concello, adoptado por maioría simple, no que se declare o especial interese ou utilidade municipal, por fomento de emprego estable no término municipal de O Corgo.

**d)** En relación con esta bonificación potestativa, establececese os seguintes tramos:

–Ata o 95 % de bonificación da cota tributaria íntegra pola creación de máis de vinte postos de traballo estables.

–O 75 % de bonificación da cota tributaria íntegra pola creación de entre 11 e 20 postos de traballos estables.

–O 50 % de bonificación da cota tributaria pola creación de ata 10 postos de traballo

---

<sup>1</sup> Artigo 6 engadido polo Pleno do 25 de abril do 2018.



## CONCELLO DO CORGO

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS, DA TAXA DE LICENZA URBANÍSTICA E ACTIVIDADE DE COMPROBACIÓN DERIVADA DA DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA.

estables.

e) As bonificacións aplicaranse durante un máximo de tres períodos impositivos, e farase efectiva o día 1º de xaneiro do ano natural seguinte ao da concesión deste beneficio fiscal.

f) Este beneficio é rogado polo que os suxeitos pasivos deberán aportar a seguinte documentación:

- Solicitud de bonificación en modelo normalizado, onde se expresará:

• A actividade económica ou empresarial a que se adica a empresa ou empresario autónomo.

• Indicación do código CNAE e do epígrafe do Imposto sobre Actividades Económicas.

• Número total de traballadores que ten o centro de traballo sito no termo municipal no mes anterior á solicitud, distinguindo entre temporais e fixos.

• Número de traballadores contratados fixos desde o mes anterior á solicitud ata a data da solicitud.

-NIF da empresa ou autónomo.

-Acreditación de estar ao corrente nos pagos dos tributos coa Administración do Estado, Comunidade Autónoma de Galicia, e este concello (este último se fará de oficio) e nas cotizacións coa Tesourería da Seguridade Social.

-Certificado do Ministerio de Facenda da situación censal do titular da actividade económica.

-No suposto de nova construción ou ampliación: certificado final do director da obra expedido polo seu director e comunicación previa de inicio da actividade económica (Estes documentos en caso de estar en posesión do concello, incorporaranse de oficio).

- Acreditación dos postos existentes fixos e temporais á data da solicitud de bonificación, debendo aportar a relación nominal de traballadores da cotización á Tesourería da Seguridade Social realizada no mes anterior á solicitud (derradeira cotización) e, no seu caso, os contratos laborais indefinidos formalizados con posterioridade ao derradeiro mes cotizado ata o día anterior á solicitud.

-Acreditación de ser suxeito pasivo do imposto sobre bens inmobles por ser titular



## CONCELLO DO CORGO

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS, DA TAXA DE LICENZA URBANÍSTICA E ACTIVIDADE DE COMPROBACIÓN DERIVADA DA DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA.

dalgún dos dereitos constitutivos do feito imponible: Concesión administrativa, dereito real de superficie, dereito real de usufructo ou dereito de propiedade).

**g)** A bonificación requerirá o acordo adoptado polo Pleno do concello, adoptado por maioría simple, no que se declare o especial interese ou utilidade municipal, por fomento de emprego estable no término municipal de O Corgo.

**h)** Dado que o imposto se devenga cando se inicia a construción, instalación u obra, aínda que non se tivera a correspondente licenza, a bonificación establecida neste artigo só se aplicará a cota tributaria devengada.

En ningún caso, considerarase creación de postos de traballo o traslado de traballadores da empresa ou autónomo dun dos centros de traballo sitos noutro término municipal ao novo centro de traballo ubicado o Corgo.

**Disposición derogatoria.-** Queda derogada a ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Instalacións, Construcións e Obras aprobada polo Pleno deste concello, en sesión celebrada o 6 de novembro de 1989, cuxo texto íntegro foi publicado no BOP de Lugo, nº 299/1989, de 29 de decembro.

**Disposición final.-** A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación do seu texto íntegro no BOP de Lugo e producirá efectos a partir do 1 de xaneiro de 2019



## CONCELLO DO CORGO

ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS, DA TAXA DE LICENZA URBANÍSTICA E ACTIVIDADE DE COMPROBACIÓN DERIVADA DA DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMUNICACIÓN PREVIA.